

A EMPRESA KIMAK ACOLLE UNHA NOVA CAMPAÑA DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) visitará hoxe, martes 9 de decembro, as instalacións da empresa Kimak, dentro da campaña de recollida de doazóns de sangue que a ADOS desenvolve en empresas e organismos públicos.

A ADOS quiere convidar a todos os traballadores e traballadoras a participar nesta campaña de doazón e, para iso, despraza hoxe unha unidade móbil que estará estacionada na entrada de Hydracorte das 10:00 ás 14:00 e das 16:00 ás 21:00 horas.

Kimak ten acollido en tres ocasión as visitas das unidades móbiles da Axencia, desenvolvendo campañas a prol da doazón desde o ano 2022. No transcurso destas visitas, acadáronse 94 doazóns, das cales 29 correspondíanse con persoas que doaban por vez primeira.

ADOS quiere agradecer á dirección de Kimak as facilidades amosadas para o desenvolvemento das campañas de doazón de sangue, recoñecemento que fai extensivo a todos os seus traballadores e traballadoras que participan activamente doando sangue